

ACTUALIDADE COOPERATIVA

Coodinador: Ramón Carmelo Rodríguez Padín

- Manuel Rivera Iglesias.
Informe Sobre o seminario de Financiamento das Cooperativas de Traballo Asociado Galegas.
- María Xosé Cabaleiro.
Presentación do V Informe sobre a xestión e o estado económico do cooperativismo agrario en Galicia.
- Mar Pernas Márquez.
A excelencia nas Cooperativas Galegas de Traballo Asociado: ideas para un debate.

INFORME SOBRE O SEMINARIO DE FINANCIAMIENTO DAS COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO GALEGAS¹

Manuel RIVERA IGLESIAS

Propuxemos traballar dende unha visión global do financiamento cooperativo. Co esquema de tres grandes áreas de traballo: Financiamento alleo, financiamento propio e viabilidade empresarial do proxecto. Dada a interdependencia que existe entre eles propoñemos ver cada un dos elementos do esquema en si mesmo pero tamén interrelacionado cos outros.

Esquema de traballo proposto

Seminario de financiamento cooperativo



1. Ponente deste Seminario celebrouse a finais do ano 2001 en Pontevedra e organizouno a Unión de Cooperativas de Traballo Asociado de Galicia "EIXO".

1. Obxectivo

O propósito último foi facer unha análise equilibrada e global de tódolos elementos que inciden no financiamento Cooperativo.

Así puidemos analizar cada elemento por separado, e conxuntamente, nas relacións dous a dous (Zonas 1,2,3) e o núcleo central do financiamento no que conflúen tódolos elementos.

2. Metodoloxía

A dinámica aplicada

Empezamos cun caso práctico ficticio, para lograr que os diferentes participantes entraran en contacto e establecieran unha dinámica de grupo que valoramos como importante para crealo clima de confianza necesario para afrontar-la segunda sesión na que se trataron “experiencias financeiras reais das cooperativas”.

Tamén consideramos a utilidade como método de aprendizaxe, pois cada participante incide na parte que coñece mais a fondo e aclara dúbidas aos compañeiros de grupo.

Posteriormente cada grupo analizou “experiencias financeiras reais das cooperativas” expoñendo unha serie de problemas e aportando unhas solucións

Finalizamos cunha posta en común entre tódolos participantes, comentando totalas problemáticas e avaliando as solucións propostas.

A continuación expoñemos unha síntese das conclusións da posta en común:

3. Conclusións da xornada

Problemática

1. Problema de acceso ao financiamento alleo para as pequenas cooperativas.
2. Dificultades de conseguir un aval para acceder a Préstamos a longo prazo.
3. Problema co tempo que transcorre entre a concesión e o pago das subvencións. Isto obriga a moitas cooperativas a solicitar un crédito avalado pola subvención concedida.

4. O atraso nos pagos das facturas por parte da Administración obriga en moitos casos a solicitar un préstamo/crédito co aval da Facturación coa Administración.
5. Na problemática mais sinalada en relación cos Fondos Propios, destácase a non implicación de moitos socios como partícipes na sociedade.
6. Pouco investimento en relación ao necesario.
7. Problemática orixinada pola propia lexislación cooperativa en asuntos coma o do reparto dos Fondos (Reserva legal).
8. Problemática no tema da capitalización: Moitos cooperativistas estiman que si capitalizas dáse unha perda de recursos vía impositiva, ou na propia xestión financeira dos Fondos por falta de capacidade.
9. Problemas das PEMES cooperativas para acceder ao Capital-Risco.
10. Axudas insuficientes da Administración para afrontar investimentos no Inmobilizado ou no lanzamento de novos produtos e/ou servizos. Isto agrávese se falamos das pequenas cooperativas.
11. Problemática do IVE nas facturas coa Administración debido ao atraso nos pagos. As Cooperativas emiten a factura e nese período tributario están obrigadas a ingresar o IVE REPERCUTIDO á Administración estando pendente o cobro. Isto ocasiona dificultades na liquidez da Cooperativa, que en determinados casos chega a ser un problema importante.
12. A moita concorrencia en algúns sectores obriga a competir vía prezos .
13. Ausencia de prospeccións no Mercado.
14. Graves dificultades de acceso á Investigación e desenvolvemento.

Solucións propostas:

- Buscar vías de financiamento alternativo :
 - Emisión de bonos, pagarés e outras ferramentas que fagan posible materializa-lo apoio de persoas comprometidas co proxecto da cooperativa
 - Ampliar e mellorar os contactos con entidades financeiras buscando especialmente aquelas con estratexia de servizo e non de especulación
- Pactar coa Administración un sistema para avalar a financiamento coa participación do ICO
- Acadar participación nos Consellos de Administración de Caixas de Aforro, Cooperativas de Crédito, etc. para implementar un maior apoio financeiro coas empresas de economía social
- Esixir reformas nos métodos e procedementos que usa a Administración para a concesión de subvencións

- Facer estudos comparativos das axudas recibidas por empresas de Economía Social /multinacionais/ outras empresas
- Aumentar a vinculación dos/as socios/as aumentando a Formación Social
- Solucións de regulamento interno que afectan a Reservas:
 - Establecer no campo das normas de disciplina social, sancións económicas que sirvan para capitalizar á Cooperativa.
- Establecer mecanismos de compensación co conxunto das Administracións Públicas (non so con Facenda, senón tamén cos Concellos, Xunta ,Administración Central...) de xeito que non obriguen a ingresar-lo IVE REPERCUTIDO das facturas pendentes de cobro coa Administración e outros Organismos Públicos.
- Aumenta-la concorrencia
 - Vía calidade, en especial dando mais garantías aos clientes
 - Vía participar en proxectos de I+D

**PRESENTACIÓN DO V INFORME SOBRE A XESTIÓN
E O ESTADO ECONÓMICO DO COOPERATIVISMO AGRARIO
EN GALICIA, ELABORADO POLA ASOCIACIÓN GALEGA
DE COOPERATIVAS AGRARIAS (AGACA)¹**

M^a José CABALEIRO CASAL

O pasado 21 de febreiro presentouse en Santiago de Compostela o Informe sobre a Xestión e o Estado Económico de Cooperativismo Agrario en Galicia. No acto participaron, ademais de representantes de AGACA, José Vázquez Portomeñe (Director Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Xustiza) e María Coutinho (Subdirectora Xeral de Cooperativas e Economía Social).

Este estudio, que ten unha periodicidade anual e que se realiza dende o ano 1996, ten como obxectivo servir como referencia para as cooperativas agrarias, de xeito que sexa un espello no que comprobar tanto os principais problemas deste sector, coma aqueles aspectos que son positivos e outros nos que se pode mellorar. Así mesmo, a continuidade do estudio permite, tanto ás empresas como ás entidades de cooperación, facer un seguimento daquelas variables que sexan relevantes nas estratexias empresariais que se están a levar a cabo. Para elo, preséntanse os resultado dos análises realizados sobre aspectos sociais, económicos e financeiros dunha mostra de cooperativas agrarias representativa do cooperativismo galego, tanto globalmente coma diferenciando os principais sectores de actividade.

As conclusións máis destacables para o exercicio 1999, foron as seguintes: 1.- Un incremento na facturación dun 5% respecto á do exercicio anterior. 2.- A continuidade no incremento de número de socios. 3.- A importante representatividade destas empresas nos concellos nos que están situadas, ocupando, no 60% deles, o primeiro ou segundo posto no ranking de empresas.

1. A autora foi Asesor Externo na Elaboración do Informe.

Outras conclusións de carácter máis puntual recóllense no informe, coma tamén se recollen as liñas de actuación xerais que se consideran importantes: 1.- Mellorar o sistema de información interno. 2.- Analizar máis profundamente o financiamento e o custo. 3.- Fomentalo compromiso dos socios. Etc.

Ó marxe do interese particular que poida ter este informe, é positivo destacar a necesidade de traballos deste tipo que dean a coñecer un xeito de facer empresa cunhas particularidades que as fan axeitadas para levar a cabo actividades emprendedoras de moi distinto tipo e que, nembargantes, seguen a ser unhas grandes descoñecidas e seguen a desaproveitarse as súas potencialidades.

A EXCELENCIA NAS COOPERATIVAS GALEGAS DE TRABALLO ASOCIADO: IDEAS PARA UN DEBATE¹

Mar PERNAS MÁRQUEZ

Baixo este título celebrouse a quinta xornada que, dirixida ó cooperativismo de traballo asociado, realiza a Unión de Cooperativas de Traballo Asociado (UGACOTA). A celebración dunha xornada anual dende fai cinco anos ten por obxecto difundir-lo cooperativismo de traballo asociado na Comunidade Autónoma de Galicia e promover-la formación societaria e empresarial ó tempo que a intercooperación entre as cooperativas asistentes.

A xornada enmárcase no convenio de colaboración que cada ano se establece entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a Unión de Cooperativas de Traballo Asociado (Ugacota) dentro das actividades de formación e promoción do cooperativismo que realiza ésta. Aínda que a colaboración da administración non só é económica xa que podemos contar, unha vez más, coa presenza da Subdirectora Xeral de Traballo, María Coutinho Villanueva que inaugurou a Xornada e compartiu connosco parte da maná.

Os obxectivos que nos propuxemos con esta actividade, foron:

- Reflexionar colectivamente sobre o concepto de excelencia cooperativa e os criterios que a conforman.
- Debater sobre a situación actual da excelencia nas cooperativas galegas de traballo asociado.
- Identificar-las posibles liñas de actuación que contribúan a mellorar-lo funcionamento das cooperativas galegas de traballo asociado.

1. Resumo das V Xornadas de Cooperativismo de Traballo Asociado organizadas por UGACOTA en Santiago de Compostela a finais do ano 2001. O autor é Xerente de UGACOTA.

Os responsables da impartición foron dous membros de Cambio Integral, Sociedad Cooperativa Andaluza, cooperativa de traballo asociado especializada no asesoramento e formación en organización empresarial, especialmente en cooperativas de traballo asociado, sector no que desenvolveron metodoloxías propias adaptadas á normativa europea de excelencia empresarial (EFQM).

A xornada desenvolveuse en sesión de mañá e tarde, na que escomenzamos cunha ponencia introductoria “ A excelencia nas cooperativas de traballo asociado: un modelo para a autoavaliación” como presentación do marco de traballo posterior.

A continuación, como xa ven sendo habitual nas xornadas organizadas por Ugacota, o cooperativismo non só está presente no contido senon tamén na forma de desenvolve-la xornada dado que o traballo en grupo é a metodoloxía empregada para realiza-lo. Deste xeito analizáronse as áreas de mellora e rematamos coa presentación en plenario dos resultados do traballo de cada grupo.

A análise da realidade cooperativa e empresarial realízase mediante a autoavaliación co fin de:

- desenvolver un modelo que aporte unha perspectiva global do funcionamento da cooperativa,
- propiciar un marco de traballo participativo que posibilite o desenvolvemento dun modelo de aprendizaxe conxunto e de mellora continua,
- aumenta-la efectividade dos órganos e cargos a partir da experimentación con novas formas de pensamento e interacción, e
- proporcionar unha metodoloxía para o diagnóstico e a avaliación de tódolos procesos, tarefas e actividades, así como un marco de referencia para a comparación con outras entidades de similares características.

O resultado desta primeira autoavaliación plantexa a necesidade de mellorar nos seguintes aspectos:

a) Cultura e liderazgo

- Desenvolver unha visión compartida e unha cultura democrática.
- Promover e apoia-lo traballo en equipo, para iso é necesario: formación en dinámica de grupos, mellora-lo coñecemento das aptitudes e capacidades persoais para evitar conflitos, mellora-lo desenvolvemento das reunións e traballa-la autoestima persoal.
- Necesidade de desenvolver un liderazgo colectivo que impulse as ideas rectoras.
- Formación cooperativa e organizacional para os cargos directivos.

b) Estratexias.

- Necesidade de sistematiza-lo proceso de análise e decisión estratéxico.
- Sistematiza-lo análise de clientes e de mercado.
- Reduci-la dependencia de “mercados cautivos”.

c) Recursos.

- Mellora-lo aproveitamento dos recursos humanos, o tempo, a maquinaria, as novas tecnoloxías, etc.
- Mellora-la búsqueda e xestión dos recursos financeiros.
- Procurar bos servizos profesionais (asesoramento).
- Necesidade de impulsar o desenvolvemento de medidas de apoio institucional que se convirtan en recursos financeiros.
- Necesidade de diseñar e sistematiza-los procesos de captación e selección dos recursos humanos.

d) Xestión e dirección.

- Clarificar responsabilidades, funcións e atribucións dos distintos órganos e cargos.
- Coñece-los aspectos relativos ó funcionamento societario.

e) Procesos.

- Mellora los sistemas de comunicación interna e o proceso de toma de decisións.
- Desenvolver formación en materia de: loxística, comercialización, organización, planificación, control, dirección, comunicación e información, xestión e administración.
- Establecer sistemas de aseguramento da calidade.

f) Resultados.

- Mellora-los beneficios económicos.
- Mellora-la competitividade (capacidade de competir).
- Establecer sistema de avaliación do nivel de satisfacción dos clientes internos e externos.

A autoavaliación plantéxase non só como metodoloxía senon tamén como o primeiro paso do proceso de mellora. Pero non serviría de nada coñece-las carencias ou debilidades se non se avanza no camiño de cara á súa eliminación. É por isto que nos plantexamos a continuidade deste proceso e unha das

posibilidades sería a realización da próxima xornada entorno ás estratexias a implantar para reduci-las debilidades e incrementa-las potencialidades detectadas. Coidamos que o proceso é complexo e precisa continuidade, por iso convidamos a todas aquelas cooperativas de traballo interesadas en melloralo funcionamento da súa empresa, a participar connosco neste proceso.